

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Obradoiro de Escenografía I
DISCIPLINA	Escenografía
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
ITINERARIO	Escenografía
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	10
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Creación Escénica
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Ana María Fernández Arteaga Despacho: Departamento Escenografía – Servizos 2 Contacto: arteaga@edu.xunta.es</p> <p>Nome e apelidos: Alejandra Montemayor Suárez Despacho: Departamento Escenografía – Servizos 2 Contacto: diadeluz@gmail.com</p>
DESCRIPCIÓN	Iniciación á práctica da creación teatral destinada a sintetizar todos os aspectos da formación. Implica o coñecemento e a experimentación da complexidade do proceso global da creación, incluíndo a experiencia da representación, as aprendizaxes de linguaxes, procedementos e saberes adquiridos, para transmitir ao/á espectador/a as sensacións, emocións, e o sentido da creación escénica.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os acadados nas materias de Espazo Escénico, Iluminación, Técnicas Escénicas e outras materias afíns.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego X Castelán X Inglés

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.



COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE

EE1	Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética
EE2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos es de representación.
EE3	Planificar e facer o seguimento do proceso de realización da creación, aplicando as metodoloxías de traballo pertinentes
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
EE6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBOXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Integrar nun proxecto realizado a partires dun texto dramático, partitura musical, dramaturxia ou tema, o aprendido nos anos anteriores nas materias de Espazo Escénico, así como outras materias afíns que posibiliten o desenvolvemento dun proxecto básico de deseño.	T1, T2, T3, T7, T8, T12, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5, EE6

4. CONTIDOS

Contidos do curso escolar 2019-2020 da disciplina (Espazo Escénico IV) que se incorporan a esta programación	Espazo Escénico IV considérase unha materia afín que posibilita o desenvolvemento dun proxecto básico de deseño. Os contidos desta materia foron rematados no curso 2019-2020 pero non se abordaron con profundidade. Contémplase un repaso e reforzo dos contidos no Obradoiro I á hora de levar a cabo o proxecto realizado.	
--	--	--

I.- MÓDULO TEÓRICO	* O MÓDULO I E II COMBINARASE A TEORÍA COA PRÁCTICA*	
TEMAS	SUBTEMAS	HORAS



1.O traballo a partires dun texto	<p>1.1. O achegamento ao texto por parte do escenógrafo</p> <p>1.1.1 Elementos de significación e análise do texto.</p> <p>1.1.2. Ubicación da obra.</p> <p>1.1.3. Estrutura do texto.</p> <p>1.1.4. Os espazos nos que se desenvolve a acción.</p> <p>1.1.5. O estudo dos personaxes.</p> <p>1.2. O achegamento a dramaturxia e outros temas suxeito de representación por parte do escenógrafo: eventos, site-specific, multidisciplinarietàade.</p>	
2. Cómo abordo o meu deseño?	<p>3.1. As primeiras ideas e a depuración destas.</p> <p>3.2. As ambientacións xerais que a priori pretendo acadar</p> <p>3.3. Os referentes visuais dos que parto.</p> <p>3.4. A elección da liña estética que vou traballar e a investigación desta.</p> <p>3.5. A relación entre a escenografía e o espazo que a conterà.</p> <p>3.6. A adecuación aos recursos técnicos cós que conto.</p>	
3. O espazo escénico non só o forma a escenografía	<p>4.1. A integración de todas as partes que compón o espazo escénico.</p> <p>4.2. O traballo en conxunto á hora do deseño: escenografía, iluminación, vestiario...</p> <p>4.3. A comunicación co/coa director/a de escena.</p> <p>4.4. As transicións: o estudo dos movementos escenográficos.</p> <p>4.5. A relación dos personaxes coa nosa proposta. A integración destes na composición.</p>	
II.- MÓDULO PRÁCTICO	* O MÓDULO I E II COMBINARASE A TEORÍA COA PRÁCTICA*	
4. As ferramentas nas que me apoio	<p>5.1. Bosquexos iniciais, de atmosfera, de traballo e definitivos.</p> <p>5.2. Técnicas gráficas e pictóricas: a súa expresividade.</p> <p>5.3. As vistas iniciais, a modificación destas e as definitivas.</p> <p>5.4. A maqueta de traballo e a de presentación. A importancia da escala.</p> <p>5.5. A optimización dos recursos que xa manexo: como e cando emprego os meus coñecementos sobre deseño, cor, debuxo técnico, novas tecnoloxías...</p>	
5. A parte técnica	<p>6.1. Os planos de deseño. (da man alzada ao CAD)</p> <p>6.2. A presentación dos planos.</p> <p>6.3. As vistas en perspectiva.</p> <p>6.4. Aplicación das novas tecnoloxías.</p> <p>6.5. A adaptación a diferentes espazos.</p> <p>6.6. Ridder técnico</p>	
6. E posteriormente ao deseño...	<p>7.1. A memoria que fixen.</p> <p>7.2. A presentación do meu proxecto.</p> <p>7.3. Os recursos para a optimización da miña presentación</p>	



DIARIO DE CLASE	Realizase un traballo ao longo de todo o curso a modo de memoria que será unha compilación de todo o realizado durante o curso, a aportación de experiencias persoais, investigacións relacionadas coa materia impartida e a documentación gráfica das actividades prácticas realizadas tanto en horas lectivas como en horas non lectivas.	
TOTAL HORAS		135

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	3		3
Sesión maxistral	6		6
Traballos de aula: Resolución de problemas e / ou exercicios	34		34
Prácticas de aula: Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	26	12	38
Proxectos integrados	40	83	123
Traballos tutelados	10	40	50
Presentacións / exposicións	6	10	16
Titoría docente	10		10
Prácticas en aula de informática		20	20
TOTAL HORAS	135	165	300

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introductorias	Actividades que introduzan ao alumnado na dinámica do funcionamento da materia.
Sesión maxistral	Exposicións por parte das docentes dos coñecementos teóricos precisos para o desenvolvemento dos contidos da materia.
Traballos de aula: resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de exercicios de forma colaborativa sobre os contidos da materia.
Prácticas de aula: resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Prácticas nas que os alumnos traballen de forma autónoma as súas propostas.
Proxectos integrados	Traballo en equipo con alumnado doutras especialidades.
Traballos tutelados	Traballos destinados á realización do proxecto integrado.



Presentacións / exposicións	Presentacións progresivas do traballo realizado para a integración ante o profesorado e alumnado doutras especialidades / Posta en escena o día da estrea.
Titoría docente	Nas que o alumnado resolverá dúbidas sobre o desenvolvemento do seu traballo.
Prácticas en aula de informática	Realización da planimetría necesaria

7. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

7. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<u>Grao e nivel de participación e actitude en clase</u> , capacidade e dispoñibilidade de traballo en grupo, e de comunicación e transmisión clara de ideas, así como a capacidade de realizar e aceptar unha crítica construtiva.	X3, X6, EE3	30%
<u>Traballo escrito: Entrega por parte do alumno dunha memoria que contemple todos os apartados da análise para executar o proxecto e todo o contido técnico e de deseño tales como bosquejos, planimetría e outros recursos.</u>	T1, T2, T3, T7, X3, X5, EE1, EE3, EE5.	25 %
<u>Práctica 1:</u> Deseño Plástico Escénico en colaboración co alumnado do Dpto. de Dirección de Escena e Dramaturxia* Execución práctica do deseño. * De non seren posible a colaboración coas outras especialidades realizarase o mesmo proxecto sen a execución ou se valorará por parte das profesoras abordar outro modelo de execución.	T1, T2, T3, T7, T8, T12, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5, EE6.	45 %

As partes específicas de cada práctica así como a súa porcentaxe sobre a puntuación final son as seguintes:

Traballo escrito: Deseño Plástico Escénico en colaboración co alumnado do Dpto. de Dirección de Escena e Dramaturxia e Interpretación.



Dossier Obradoiro I

1. Análise do texto. Argumento e estrutura.
2. Referentes visuais e xustificación estética elixida.
3. Xustificación do deseño.
4. Bosquexos de atmosfera. Tamaño mínimo A4, empregando a cor (mínimo de 3 bosquexos).
5. Dossier técnico.
6. Planos técnicos. Planos de construción de elementos. Planos de implantación. Planos de sección e perfil (se foran necesarios). Planos de iluminación.
7. Reflexión persoal do traballo realizado.
8. Maqueta a escala.

Práctica 1: Execución práctica do Deseño Plástico Escénico.

- Do deseño á realidade escénica.
- Construción, montaxe, ensaios, seguimento da función, desmontaxe, almacén.

- Nota 1: Para aprobar a materia todas as partes prácticas deberán ser superadas.
- Nota 2: As memorias das prácticas e o traballo escrito poderán ser axustadas en caso necesario para concretar determinados aspectos se houbera lugar a iso, segundo as características individuais de cada proposta, no caso de seren considerado recomendable polas docentes.
- Nota 3: O alumno será o encargado da plástica visual do espectáculo, pero poderá facer a súa proposta elixindo centrarse no deseño e execución nunha das modalidades de traballo dun deseñador escénico, tales como vestuario, iluminación, instalación...
- Nota 4: Recomendase a asistencia a titoría.


8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Realización dun proxecto que acade os aspectos da Práctica I e exposición do mesmo.	T1, T2,T3, T7, T8, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5, EE6.	100%

- Nota 1: o/a alumno/a que se atope nesta situación deberá poñerse en contacto coas docentes.
- Nota 2: Para superar a materia deberán ser aprobados todas as partes do proxectos.
- Nota 3: As docentes deberán poder revisar o traballo en ao menos dúas ocasións antes de súa entrega.
- 2 revisións mínimas da xustificación do deseño
- 2 revisións mínimas do dossier técnico.
- 2 revisións mínimas dos planos.
- As revisións teñen por obxectivo poder paliar a tempo os posibles erros e acordar os aspectos a mellorar; para cumprir dito obxectivo a súa planificación temporal ten que ser coherente para que entre as dúas revisións mínimas haxa tempo dabondo que permita a resolución de ditos erros e a integración dos aspectos a mellorar.

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Realización dun proxecto que acade os aspectos da Práctica I e exposición do mesmo.	T1, T2,T3, T7, T8, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE5, EE6.	100%



- Nota 1: o/a alumno/a que se atope nesta situación deberá poñerse en contacto coas docentes.
- Nota 2: Para superar a materia deberán ser aprobadas todas as partes do proxecto.
- Nota 3: As docentes deberán poder revisar o traballo en polo menos dúas ocasións antes da súa entrega.
- 2 revisións mínimas da xustificación do deseño
- 2 revisións mínimas do dossier técnico.
- 2 revisións mínimas dos planos.
- As revisións teñen por obxectivo poder paliar a tempo os posibles erros e acordar os aspectos a mellorar; para cumprir dito obxectivo a súa planificación temporal ten que ser coherente para que entre as dúas revisións mínimas haxa tempo dabondo que permita a resolución de ditos erros e a integración dos aspectos a mellorar.

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

As derivadas do proxecto e:

- > BREYER, Gastón, *La escena presente*, Ediciones infinito, 2005.
- > HIDALGO CIUDAD, Juan Carlos, *Espacios Escénicos: el Lugar de Representación en la Historia del Teatro Occidental*. Sevilla, CAT, 2004.
- > CALMET, Héctor. *Escenografía. Escenotecnia, Iluminación*. Ediciones la Flor, Buenos Aires (Argentina), 2003.
- > D. K. CHING, Francis y P. JUROSZEK, Steven. *Dibujo y proyecto*. GG, Barcelona, 1999.
- > DAVIS, Tony, *Escenógrafos*, Barcelona, Océano, 2002.
- > GÓMEZ GARCÍA, Manuel, *Diccionario de Teatro*, Akal, Madrid, 2007.
- > HOWARD, Pamela, *Escenografía*, Galaxia, Vigo, 2004.
- > LÓPEZ GUEREÑU, Javier, *Decorado y tramoya*, Cuadernos de Técnicas escénicas, Ciudad Real, Ñaque, 1998
- > MURCIA, Félix, *La escenografía para el cine. El arte de la apariencia*, Fundación autor, 2002.
- > MUNARI, Bruno, *Diseño y comunicación audiovisual*, GG, Madrid, 2005.
- > NIEVA, Francisco, *Tratado de escenografía*, Madrid, ed.Fundamentos, 2000.
- > PORTILLO, Rafael y CASADO, Rafael: *Diccionario de terminología teatral*, Madrid, Fundamentos, 1986.
- > RASMUSSEN, Steen Eiler, *La Experiencia de la arquitectura*, Reverté, Barcelona, 2007.
- > WAGNER, Fernando, *Teoría y técnica teatral*, Barcelona, Editorial Labor, 1974.
- > WILES, David: *A short history of Western Performance Space*, Cambridge, CUP, 2003.

Referencias complementarias

Ao longo do curso o profesor engadirá referencias bibliográficas segundo os temas vistos na aula.

Observacións

Non é obrigatoria a adquisición de material bibliográfico por parte do alumnado, no caso dunha planificación extraordinaria con modalidade online, o alumnado disporá de toda a información e documentos para superar a asignatura nas clases online, na plataforma Moodle, códex e o correo electrónico.



10. OBSERVACIÓNS


- Dada a especificidade da materia, o desenvolvemento de certas tarefas usando os recursos e instalacións do centro, podería requirir a asistencia do alumnado en horario de tarde.
 - Para ser avaliado é necesario ter superado todos os ítems (exames, entregas, traballos...) cun mínimo de 5. Non ter superado algún dos ítems, implicaría a imposibilidade de facer a media das partes.
 - Colaboracións diferentes ás propostas co Departamento de Dirección de Escena serán revisadas cada ano para valorar a súa viabilidade.
 - Os exames, entregas e convocatorias deberán axustarse aos prazos e horas indicados polo profesorado da materia ou Xefatura de Estudos. O seu non cumprimento implicaría a non superación do ítem.
 - Non poderán ser avaliados aqueles traballos que, sen detrimento das "NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ACADÉMICOS DÁ ESAD-Galicia", non respecten á hora de xerar a documentación técnica do seu proxecto as normas UNE e USITT (Graphic Standards: <https://goo.gl/Vjrlqw>) para planos técnicos e construtivos; normas USITT-Lighting Design Standards (<https://goo.gl/t7zP76>) para o deseño de iluminación.
 - Recoméndase a lectura da "GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS NA PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCENOGRÁFICOS".
 - Para unha realización segura das prácticas no teatro, será preciso asistir a clase cun calzado axeitado con sola de goma. Non se poderá asistir a clase con sandalias ou calzado similar nin con tacóns.
- Atención á diversidade: ao tratarse dunha materia cunha gran carga práctica, valorarase cada posible situación de xeito particular para garantir unha resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

OBSERVACIÓNS E RECOMENDACIÓNS (O que proceda, de ser o caso)

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serán as que seguen:



ACTIVIDADE 1.

Competencias: T1, T2, T3, T8, X5, X6, EE1, EE2, EE3, EE6

Realización dun proxecto integrado cas outras especialidades da titulación a partires dun texto dramático, partitura musical, dramaturxia ou tema, aplicando o aprendido nos anos anteriores nas materias afíns que posibilitan o desenvolvemento dun proxecto básico de deseño.

De non seren posible a integración cas outras especialidades, e/ou a posta en práctica do proxecto, o alumnado entregará só a parte escrita e a carpeta de documentación gráfica do proxecto.

Ponderación:

20% Participación e actitude nos traballos, grupais e individuais, realizados. Comunicación e transmisión clara de ideas, así como a capacidade de realizar e aceptar unha crítica construtiva.

70% Traballo escrito. Entrega por parte do alumno do Dossier, que contemple todos os apartados expostos anteriormente: Análise do texto, referentes visuais, xustificación estética do deseño, bosquexos de atmosfera, planos técnicos, de implantación, de construción e iluminación e demais recursos.

10% Presentación online do proxecto ao profesores de dita materia.

METODOLOXÍA/PLANIFICACIÓN

Os alumnos con conectividade:

O alumnado con conectividade debe seguir a progresión do proxecto segundo os puntos especificados nos contido, enviando por mail o acadado e formulando as súas dúbidas ao profesorado, que lle responderá polo mesma vía ou por videoconferencia.

A documentación que aporta o profesorado e axuda á realización do proxecto está pendurada na plataforma Moodle e Codex, aínda así, tamén se usará o correo electrónico para enviar documentación e resolver as dúbidas de cada alumno/a.

Os alumnos sen conectividade:

O alumnado sen conectividade, deben seguir a progresión do proxecto segundo os puntos especificados nos contido, resolvendo as dúbidas pertinentes mediante vía telefónica.

No caso de que o alumno/a solicite material de apoio, este enviarase pola mesma vía. A defensa do proxecto será de maneira telefónica ou con envío dunha videograbación á dirección da ESADG.

O material gráfico por presentar deberá ser enviado por correo ordinario á dirección da ESADG. Unha vez revisado o profesorado porase en contacto co alumnado vía telefónica para as correccións. En caso de que o alumno/a solicite de material de apoio, este enviarase igualmente pola mesma vía.

Clases online

As tutorías e clases online serán coa plataforma que facilite la Consellería de Educación.

Materiais e recursos

A documentación que aporta o profesorado e a axuda a acadar o proxecto estará pendurada na plataforma Moodle, Códex ou se achegará por correo electrónico.

Traballarase preferiblemente con programas de software libre.

As clases online serán a través da plataforma que facilite a Consellería de Educación, á que terá acceso o alumnado.



Información ao alumnado

O profesorado e o alumno/a terán contacto directo vía mail, titorías, e se planificarán clases online acordes á planificación da comunidade educativa .

Para facer a presentación do proxecto se convocará ao alumno a unha videoconferencia conxunta co/a docente implicado/as na materia.

O alumno deberá considerar a data do exame para o envío do Dossier final, é dicir, dito dossier non deberá chegar ao seu destino posteriormente á data de entrega.

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INSTRUCCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).

